



III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Traballo e Benestar Departamento Territorial Ourense

Sección Relacións Laborais
Revisión salarial 2010

Unha vez visto o texto da acta da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Comercio de Alimentación de Ourense ano 2009-2010, publicado no BOP n.º 148, do 30 de xuño de 2009 (código n.º 3200545) no que se acorda a aclaración do contido e alcance do artigo 25 do texto do convenio e a actualización dos conceptos económicos deste para o 2º ano de vixencia, que subscribiron o día 26 de xaneiro de 2010 os membros da comisión paritaria do convenio integrada dunha parte, en representación da parte económica, polos/as representantes da parte empresarial e, doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector polos/as representantes das centrais sindicais; Unión Xeral de Traballadores (UXT), Comisións Obreiras (CCOO) e Unión Sindical Obreira (USO) e, de conformidade co disposto no artigo 90.2.º e 3.º do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, este departamento territorial, acorda:

Primeiro.- Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que obra neste departamento territorial (Servizo de Relacións Laborais), e notificación ás representacións empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo.- Ordena-lo seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, 9 de febreiro de 2010. O xefe territorial.

Asdo.: José Selas Souto.

Acta da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Comercio de Alimentación da Provincia de Ourense

Ás 12.00 horas do día 26 de xaneiro de 2010, reúnen-se as persoas que a continuación se relacionan na sede da Confederación Empresarial de Ourense, situada na praza das Damas, n.º 1 para proceder á actualización das condicións económicas do Convenio Colectivo de Comercio Alimentación da Provincia de Ourense, para o seu segundo ano de vixencia.

Pola parte empresarial: José Carlos González Marquina, M.ª José Fernández Robledo e Rafael Souto. Pola parte social: por

UGT: Concepción López Caride, por CCOO: Manuel G. Cacheiro, por USO: Gerardo Román Igrexas.

Unha vez iniciada a reunión, a comisión paritaria adopta os seguintes acordos:

1. Actualiza-los conceptos económicos do convenio para o segundo ano de vixencia. Conforme as condicións pactadas no artigo 10 do texto, que establece literalmente que en "2010 o incremento salarial será igual ó IPC real de 2009+0,5%". Tendo en conta que o IPC real do 2009 foi 0,8%, procédese á actualización dos referidos conceptos no 1,3%, do que resultan as seguintes cantidades:

Grupo; Categorias; Salario base; Salario base anual

I. A); Director; 1.039,86; 15.597,9

I. B); Xefe de administración, xefe de vendas, xefe de compras; 974,87; 14.623,05

I. C); Supervisor, coordinador xeral, xefe de centro; 909,85; 13.647,75

II. A); Xefe de almacén; xefe de supermercado; xefe de sección; 857,89; 12.868,35

II. B); Analista, responsable de expedición, recepcionista; 845,88; 12.688,2

II. C); Oficial administrativo, programador; 818,88; 12.283,2

III. A); Mecánico, electricista, oficial de 1ª chofer, operador informática, capataz, viaxante; 792,93; 11.893,95

III. B); Dependente, oficial de 2ª chofer, caixeiro/a repoñedor/a, caixeiro/a dependente, caixeiro/a, auxiliar de gravación, auxiliar administrativo, axudante mecánico, axudante electricista, peón de mantemento, mozo especializado; 753,92; 11.308,8

III. C); Telefonista, mozo, oficial de 3ª, axudante, persoal de limpeza; 727,90; 10.918,5

Axudas de custo (artigo 12): a contía destas será a seguinte:

- Axuda de custo completa: 40,57 euros.

- Xantar: 15,20 euros.

- Cea: 10,13 euros.

- Almorzo: 3,05 euros.

Ou ben, mediante acordo coa empresa, utilizando o sistema de gastos para xustificar.

Gratificación de actividade (artigo 20).

Tódolos traballadores percibirán en concepto de gratificación de actividade a cantidade de 52,01 euros mensuais, aplicándose a citada cantidade en 12 mensualidades.

2. Aclara-lo contido e alcance do artigo 25 do convenio.

A comisión paritaria recibiu a petición dunha empresa para que se pronuncie sobre os termos nos que debe producirse a xubilación obrigatoria.

O artigo di: "Considerarase obrigatoria a xubilación ós 65 anos para tódolos traballadores afectados por este convenio."

O disposto no indicado artigo ha de poñerse necesariamente en relación coa disposición adicional décima do Estatuto dos Traballadores que establece que:

- "Esta medida deberá vincularse a obxectivos coherentes coa política de emprego expresados no convenio colectivo, tales como a mellora da estabilidade no emprego, a transformación de contratos temporais en indefinidos, o mantemento do emprego, a contratación de novos traballadores ou calquera outro que se dirixa a favorecer-la calidade do emprego.

- O traballador afectado pola extinción do contrato de traballo deberá ter cuberto o período mínimo de cotización ou un maior se así se pactou no convenio colectivo, e cumprí-los demais requisitos esixidos pola lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva".



En consecuencia, a comisión paritaria aclara que, a xubilación será obrigatoria tal e como establece o artigo 25 do convenio colectivo (salvo pacto ó respecto entre o empresario e o traballador) ó cumpri-lo traballador a idade de 65 anos e sempre que se cumbran os requisitos establecidos legalmente, polo tanto esta xubilación levará aparellada a adopción dalgunha das seguintes medidas: a transformación de contratos temporais en indefinidos, a contratación de novos traballadores ou o mantemento do emprego.

De todo canto antecede dá fe esta acta, que é asinada polos presentes en proba de conformidade. Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión cando son as 12.45 horas no lugar e día expresados no encabezamento.

Confederación Empresarial de Ourense: M.^a José Fernández Robledo, Carlos G. Marquina, Rafael Souto.

USO: Gerardo Román Igrexas.

UXT: Concepción López Caride.

CCOO: Manuel G. Cacheiro.



www.cigservizos.org